
“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS”

Aprobación: 11/10/89 - B.O.P.: 27/12/89

Modificación: 10/11/94 - B.O.P.: 09/02/95

Modificación: 23/04/98 - B.O.P.: 02/06/98

Modificación: 23/10/98 - B.O.P.: 18/12/98

Modificación: 25/11/99 - B.O.P.: 09/03/00

Modificación: 24/01/05 - B.O.P.: 23/02/05

Modificación: 20/02/06 - B.O.P.: 05/04/06

Modificación: 18/12/06 - B.O.P.: 22/12/06

Modificación: 29/12/08 – B.O.P.: 30/12/08

Modificación: 28/06/12 – B.O.P.: 24/09/12

Modificación: 30/04/14 – B.O.P.: 15/09/14

Artigo 1. NATUREZA E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a Taxa por Intervención Municipal nas comunicacións previas, e no outorgamento de Licenzas de Apertura de Establecementos, a que se refire o artigo 20.4i) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado Real Decreto lexislativo.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible as actuacións municipais desenvolvidas con motivo da apertura de establecementos para a verificación de que os mesmos reúnen as condicións requiridas polas ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación con carácter previo no caso de concesión de licenzas e posterior control nos casos en que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de comunicación previa.

2. Non están suxeitos á licenza de actividade e apertura de establecementos os cambios de titular de licenzas en vigor. Non se consideran en vigor as licenzas que teñan declaración expresa de

ordenanza fiscal reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos

caducidade e as que correspondan a locais nos que cesase a actividade por un período superior a seis meses. Sen embargo, os titulares de actividades e instalacións están obrigados a comunicar ao Concello estes cambios cubrindo o impreso regulamentario que se facilitará no Rexistro Xeral do concello, abonando a seguinte taxa:

2.1. Pola tramitación de cambio de titularidade de licenzas respecto de actividades non tramitadas polos Decretos 133/2008 de incidencia ambiental, polo Regulamento de Actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP), de 1961 ou polo Regulamento 2816/1982 de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas, segundo as superficies seguintes:

De ata 50 m2	100,00 €.
De 51 m2 a 100 m2	105,00 €.
De 101 m2 a 200 m2	125,00 €.
De 201 m2 a 500 m2	175,00 €.
De 501 m2 a 1.000 m2	350,00 €.
De 1.001 m2 a 2.000 m2	695,00 €.
De 2001 m2 a 5.000 m2	1.350,00 €.
De máis de 5.000 m2	1.500,00 €.

2.2. - Pola tramitación de cambio de titularidade de licenzas respecto de actividades tramitadas polos Decretos 133/2008 de incidencia ambiental, polo Regulamento de Actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP), de 1961 ou polo Regulamento 2816/1982 de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas, segundo as superficies seguintes:

De ata 50 m2	175,00 €.
De 51 m2 a 100 m2	209,00 €.
De 101 m2 a 200 m2	262,00 €.
De 201 m2 a 500 m2	350,00 €.
De 501 m2 a 1.000 m2	695,00 €.
De 1.001 m2 a 1.500 m2	1.050,00 €.
De 1.501 m2 a 2.000 m2	1.250,00 €.
De 2.001 a 3.500 m2	1.500,00 €.
De 3.501 a 5.000 m2	1.500,00 €.
De 5.001 a 6.000 m2	1.500,00 €.
De máis de 6.000 m2	1.500,00 €.

Artigo 3. OBRIGA DE CONTRIBUCIÓN (DEVENGO).

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde que se inicia a prestación do servizo, que será cando se presente a comunicación previa ou a declaración responsable ou se solicita a oportuna licenza.

2. Unha vez iniciada a obriga de contribuír, a mesma non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada, a renuncia ou o desestamento do solicitante con posterioridade a súa concesión.

ordenanza fiscal reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos

3.Cando a renuncia ou desistencia do contribuínte se realice con carácter previo ao inicio das actuacións, por parte do Servizo con competencias urbanísticas determinarase a devolución do 75% do importe da taxa. No caso de iniciarse os citados trámites, non procederá devolución algunha. O estado da tramitación constatarase en base a un informe do citado Servizo con competencias urbanísticas.

Artigo 4. SUXEITO PASIVO.

1.Serán suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoa físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou, no seu caso, que se desenvolva no establecemento.

2.Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3.Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5. COTA TRIBUTARIA E TARIFAS.

1. A cota tributaria das comunicacións previas e licenzas de actividades e apertura de establecementos determinarase en función da tarifa que segue:

Por cada comunicación previa ou licenza de actividade ou apertura para un local ou superficie a ceo aberto:

- de ata 50 m2.	349,51 €
- de 51 m2 a 100 m2.....	419,42 €
- de 101 m2 a 200 m2..	524,27 €
- de 201 m2 a 500 m2.....	699,02 €
- de 501 m2 a 1.000 m2.	1.398,04 €
- de 1.001 m2 a 1.500 m2.	2.097,07 €
- de 1.501 m2 a 2.000 m2.....	2.796,10 €
- de 2.001 m2 a 3.500 m2.	4.194,13 €
- de 3.501 m2 a 5.000 m2	5.592,18 €
- de máis de 5.000 m2.	5.732,77 €

2. Cando se trate de ampliación de superficie para dedicar a unha actividades que xa conte con licenza, a cota tributaria determinarase en función da superficie a ampliar, aplicando a tarifa que corresponda das sinaladas nos apartados precedentes deste artigo.

3. Entenderase por local para efectos desta Ordenanza, toda superficie que ocupen os titulares das explotacións comerciais ou industriais cuberta con edificación ou descuberta.

4. Cando se trate de ampliación de superficie para dedicar a unha actividades que xa conte con licenza, a cota tributaria determinarase en función da superficie a ampliar, aplicando a tarifa que corresponda das sinaladas nos apartados precedentes deste artigo.

5. Entenderase por local para efectos desta Ordenanza, toda superficie que ocupen os titulares das explotacións comerciais ou industriais cuberta con edificación ou descuberta

ordenanza fiscal reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos

Artigo 6. EXENCIONES E BONIFICACIONES.

Non se aplicarán outros beneficios fiscais que os previstos en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 7. NORMAS DE XESTIÓN.

A taxa esixirase no momento da presentación da correspondente solicitude de licenza ou cando se presente a comunicación previa, en calidade de depósito previo. Unha vez adoptada a resolución que proceda e realizadas pola Administración as comprobacións oportunas, practicarase a liquidación que se notificará ao interesado reclamando ou devolvendo, no seu caso, a cantidade que proceda.

Artigo 8.. INFRACCIONES E SANCIONES TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”